

2.1. Metodoloxía

Obxectivo

O obxectivo desta análise é ofrecer unha perspectiva económica do sistema productivo da cultura, coñecer a contribución das empresas deste sistema productivo ao valor engadido de Galicia e facer un seguimento da súa evolución.

Liñas metodolóxicas

Coméntanse a continuación as directrices que se tiveron en conta para elaborar esta publicación: as fontes de información, o período de referencia e o ámbito sectorial.

En relación ás fontes de información, os datos obtéñense do servizo de información ARDÁN, que utiliza as mellores fontes (Rexistro Mercantil, as empresas certificadoras, as propias empresas -concretamente para datos identificativos-, etc.). ARDÁN dispón de información de máis de 80.000 empresas de España, das que 21.000 son galegas, con máis de 500 datos por empresa e ano. ARDÁN utiliza sofisticados sistemas de control que permiten garantir altos niveis de fiabilidade nos datos que se achegan.

En particular, as case 900 empresas da cultura ás que se refire este estudo posúen unha estrutura basicamente societaria e representan na súa totalidade o conxunto de empresas do sistema productivo da cultura máis importantes con sede social en Galicia.

A metodoloxía que se seguiu considera criterios de coherencia e homoxeneidade no tratamento das mostras. Así, en canto a:

Coherencia: na presentación dos datos por parte das empresas, que deben estar axustados á lexislación e normativa contable. Na captación, establecendo controis de erros e valores estraños e no tratamento en estados financeiros homologados.

Homoxeneidade: selección dunha mostra que afecta practicamente ao conxunto das sociedades da cultura con sede social en Galicia e no tratamento dun mesmo conxunto de empresas ano a ano. O período de referencia da información corresponde ao trienio 2005-2007, se ben para algúns indicadores se ampliou para o período 2001-2007. A mostra homoxénea final para o período 2005-2007 queda configurada por 725 empresas.

En canto á delimitación do ámbito sectorial tivéronse en conta os traballos metodolóxicos desenvolvidos pola Unión Europea e o Ministerio de Cultura¹². Sobre esta base, establecéronse correspondencias entre as clasificacións oficiais, tales como a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 93), a Standard Industrial Classification (SIC-87) e o Sistema de Clasificación Industrial de América do Norte (NAICS-97).

Finalmente, o sistema productivo da cultura en Galicia queda configurado polos seguintes sectores:

¹² A diferenza do marco da U E, incluíronse as actividades de reprodución ligadas a produtos culturais (artes gráficas, reprodución de rexistros sonoros, etc.) e a fabricación de instrumentos musicais, actividades que incorpora o Ministerio de Cultura na súa delimitación do Sistema Productivo da Cultura.

CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DO SECTOR PRODUTIVO DA CULTURA GALEGA

I CREACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL

* SIC ** NAICS

CNAE

9231 Creación de interpretación artística e literaria

II PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIIS

EDICIÓN

2211 Edición de libros

2212 Edición de periódicos

2213 Edición de revistas

2215 Outras actividades de edición

* 2741 Publicacións diversas SC

2214 Edición de soportes de son gravado

FOTOGRAFÍA

7481 Actividades de fotografía

CINEMATOGRAFÍA E VIDEO

9211 Produción cinematográfica e de vídeo

RADIO E TELEVISIÓN

9220 Actividades de radio e televisión

OUTRAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E DE ESPECTÁCULOS

9240 Actividades de axencias de noticias

9250 Activ. de bibliotecas, arquivos, museos e outras inst. culturais

9251 Actividades de bibliotecas e arquivos

9252 Activ. museos e conservación lugares e edificios históricos

III FABRICACIÓN DE BENS CULTURAIIS

2220 Artes gráficas e activ. de serv. relacionados con elas

2221 Impresión de xornais

2222 Outras actividades de impresión

2223 Encadernación e acabado

2224 Composición e fotogravado

2231 Reprodución de soportes de son gravado

2232 Reprodución de soportes de vídeo gravado

IV DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIIS

5247 Comercio polo miúdo de libros, xornais e papelería

** 45121 Provedores de libros e prensa

* 8411 Museos e galerías de arte (-) 9252

** 53223 Aluguer de cintas de vídeo e discos

9212 Distribución de películas

9213 Exhibición de películas

9232 Xestión de salas de espectáculos

V ACTIVIDADES AUXILIARES Á CULTURA

3230 Fabric. aparatos de recepc., gravac. e reproduc. son e imax.

3630 Fabricación de instrumentos musicais

2464 Fabric. material fotográfico virxe prep. químicos para fotogr.

2465 Fabricación de soportes virxes para gravación

3340 Fabric. de instrumentos de óptica e de equipo fotográfico

* (-) 3832 Instrumentos ópticos e lentes

* 5732 Aparatos de radio e televisión

* 5733 Instr. equipos music., discos

5143 Comerc. almacenista aparatos electrodom. e aparat. radio e telev.

* 5043 Material fotográfico

* 5946 Cámaras e subministracións fotográficas

** 42211 Almacenistas de papel para impresión e escritura

** 32591 Fabricación de tinta para impresión

** 322122 Fábricas de papel de xornal

2.2. Evolución económica e financeira

Tras as reflexións anteriores, estudaremos a evolución económica e financeira das empresas da cultura dende unha perspectiva global. É dicir, analizaremos o comportamento das empresas como un conxunto.

O estudo estruturouse en catro bloques tendo en conta a súa evolución no período 2005-2007:

- Os ingresos, custos e resultados: recóllese a evolución dos ingresos, os custos principais e as partidas de resultados máis significativas.
- O investimento e o financiamento: con particular atención ás fontes de financiamento máis importantes como son os recursos propios e os recursos alleos. Por outra parte, inclúense as partidas que definen o investimento.
- A rendibilidade: neste apartado, a atención centrouse tanto na rendibilidade económica como na rendibilidade financeira. Nun e noutro caso incluíronse aquelas variables que en boa medida as explican.
- O emprego: no que se realiza un estudo da distribución das empresas segundo o número de traballadores, o emprego medio por empresa, a produtividade do traballo e a xeración de emprego nas empresas da cultura no período de estudo.

Para algunhas variables significativas farase unha análise comparativa coa empresa media galega. Neste caso utilízase unha mostra homoxénea de 19.455 empresas con sede social en Galicia que abrangue todos os sistemas produtivos da nosa comunidade autónoma.

No caso das taxas de crecemento dos ingresos de explotación e do valor engadido bruto, así como as rendibilidades económica e financeira obtidas polas empresas da cultura analizaranse graficamente os valores durante un período de tempo que vai dende o ano 2001 ata o ano 2007.

2.2.1. Evolución dos ingresos, custos e resultados

A conta de resultados agregada da mostra de 725 empresas comúns de 2005 a 2007 indica a evolución das magnitudes máis representativas en canto a ingresos, custos e resultados. As taxas de variación para cada unha das variables estudadas corresponde ao valor da media agregada.

Dada a influencia que ten a empresa pública Televisión de Galicia, S.A. nos resultados dados pola mostra distinguimos, para cada epígrafe, os agregados con e sen esta empresa.

Ingresos, custos e resultados, 2005-2007

725 empresas do sector produtivo da cultura en Galicia

millóns de euros	2005		2006		2007		Taxas de variación	
		%		%		%	2005-2006	2006-2007
Ingresos de explotación	1.037,33	100,00%	1.133,50	100,00%	1.197,78	100,00%	9,27%	5,67%
Sen Televisión de Galicia	1.006,88	100,00%	1.109,54	100,00%	1.173,86	100,00%	10,20%	5,80%
Consumos e outros gastos de explotac.	816,91	78,75%	867,16	76,50%	916,43	76,51%	6,15%	5,68%
Sen Televisión de Galicia	721,22	71,63%	798,43	71,96%	841,02	71,65%	10,71%	5,33%
Valor engadido bruto a custo dos factores	220,42	21,25%	266,35	23,50%	281,36	23,49%	20,84%	5,64%
Sen Televisión de Galicia	285,66	28,37%	311,12	28,04%	332,85	28,35%	8,91%	6,98%
Gastos de persoal	222,19	21,42%	242,05	21,35%	258,09	21,55%	8,94%	6,63%
Sen Televisión de Galicia	200,28	19,89%	214,21	19,31%	228,63	19,48%	6,96%	6,73%
Resultado económico bruto explot. (EBITDA)	-1,77	-0,17%	24,30	2,14%	23,27	1,94%	—	-4,23%
Sen Televisión de Galicia	85,38	8,48%	96,90	8,73%	104,21	8,88%	13,50%	7,54%
Resultado económico neto explot. (EBIT)	-42,73	-4,12%	-20,55	-1,81%	-27,47	-2,29%	51,90%	-33,66%
Sen Televisión de Galicia	47,25	4,69%	55,09	4,97%	56,54	4,82%	16,59%	2,64%
Resultado actividades ordinarias	-51,98	-5,01%	-31,21	-2,75%	-40,27	-3,36%	39,96%	-29,05%
Sen Televisión de Galicia	37,92	3,77%	44,54	4,01%	43,85	3,74%	17,45%	-1,55%
Resultado neto do exercicio	-48,75	-4,70%	-48,08	-4,24%	-58,37	-4,87%	1,37%	-21,39%
Sen Televisión de Galicia	23,60	2,34%	29,92	2,70%	26,10	2,22%	26,77%	-12,76%

(%) valores calculados sobre os ingresos de explotación


Os valores dos gráficos corresponden á mostra sen Televisión de Galicia

Evolución de ingresos e gastos de explotación




Distribución dos principais gastos de explotación

(respecto ao total dos gastos de explotación)




Evolución do V.E.B. (cf) e o cash flow

(respecto aos ingresos de explotación)



Evolución dos resultados

(respecto aos ingresos de explotación)



Feitos e elementos máis relevantes dos ingresos, custos e resultados para a mostra agregada

Ingresos

Prodúcese no período 2005-2007 un incremento importante nos ingresos de explotación xerados pola mostra de empresas e acádanse unhas taxas de crecemento de 9,27% para o ano 2006 e de 5,67% para o 2007.

Consumos

Se analizamos as variacións na partida de consumos e outros gastos de explotación, as taxas reflicten, para o período 2006-2007, un crecemento paralelo aos ingresos de explotación e situáanse no 5,68%.

Valor engadido

O valor engadido bruto a custo dos factores mantivo un perfil crecente no período analizado; con todo, presentou sinais de desaceleración en 2007 e acadou unha taxa do 5,64%. Convén destacar que, sen ter en conta o efecto da Televisión de Galicia, a taxa de variación para o ano 2007 do valor engadido é dun 6,98%, por riba da dos ingresos de explotación, que neste caso é dun 5,80%.

Resultado económico bruto de explotación

Esta partida presenta grandes flutuacións no período analizado. Se non temos en conta o efecto da Televisión de Galicia os resultados son máis moderados, presentan taxas de variación crecentes no período dun 13,50% para 2006 e dun 7,54% para 2007.

Resultado neto

A conta de perdas e ganancias agregada presentou para os dous anos estudados resultados negativos no caso da mostra completa. Se analizamos a mostra sen o efecto da Televisión de Galicia, os resultados son positivos, crecen un 26,77% no ano 2006 e decrecen un 12,76% no ano 2007.

Análise por tamaño das empresas

	% Empresas	% Ingresos de explotación	% Valor engadido bruto (cf)
Pequena empresa	97,10%	95,53%	95,61%
■ Microempresa	86,48%	70,71%	92,24%
Mediana empresa	2,62%	4,02%	4,00%
Grande empresa	0,28%	0,46%	0,39%

A grande empresa xera uns ingresos superiores a 50 millóns de euros, na mediana empresa estes sitúanse entre 10 e 50 millóns de euros, e a pequena empresa rexistra uns ingresos inferiores a 10 millóns de euros. Dentro deste último grupo considérase o subgrupo microempresa cando presenta un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Todas as porcentaxes están calculadas sobre a mostra total da cultura

Na clasificación das empresas segundo o seu tamaño convén destacar que o sistema productivo está fortemente atomizado debido á reducida dimensión empresarial da maioría das empresas. Un 97,10% poden considerarse pequenas empresas e un 86,48% son microempresas.

Se estudamos agora como se distribúen tanto os ingresos como o valor engadido nas empresas da cultura atendendo ao tamaño, pódese observar que o 95,53% dos ingresos e o 95,61% do valor engadido é xerado por pequenas empresas. As microempresas xeran un 92,24% do valor engadido, co 70,71% dos ingresos do sistema produtivo.

Importancia do sistema produtivo da cultura en Galicia

No seguinte cadro analizaremos o peso do sector das empresas culturais sobre o total da mostra de empresas galegas (19.455).

No caso dos ingresos de explotación prodúcese un lixeiro decrecemento nos anos 2005, 2006 e 2007, alcanzan valores de 1,72%, 1,66% e 1,55%, respectivamente. O peso do valor engadido bruto para a mostra analizada acada cotas superiores ás dos ingresos de explotación. No período 2005-2006 a mostra amosa crecemento (do 1,73% ao 1,86%). O ano 2007 vén marcado por un descenso, que sitúa o peso das empresas da cultura nun 1,76% sobre o total da mostra de Galicia.

Contribución das empresas da cultura en Galicia			
	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	1,72%	1,66%	1,55%
Sen Televisión de Galicia	1,67%	1,62%	1,51%
Valor engadido bruto (cf)	1,73%	1,86%	1,76%
Sen Televisión de Galicia	2,25%	2,17%	2,08%


Os datos corresponden a unha mostra de 19.455 empresas de Galicia

Se analizamos os datos sen ter en conta a Televisión de Galicia, que presenta un valor engadido bruto negativo para os tres anos representados, a contribución en Galicia das empresas da cultura supón máis dun 2% nos tres anos.

Evolución das taxas de crecemento

No seguinte gráfico recolleemos, para un período que abarca dende o ano 2001 ata o ano 2007, as taxas de crecemento dos ingresos de explotación e do valor engadido bruto da mostra a través dos valores das medianas.

Apréciase unha desaceleración no crecemento de ambas as variables a partir do ano 2001 e ata o ano 2005, cando aparece un cambio de tendencia marcado sobre todo por un reforzo substancial na taxa de crecemento do valor engadido bruto, que acada subidas de 3,29 puntos porcentuais no período 2005-2006 e de 1,73 puntos no período 2006-2007.



Comparativa coa empresa media galega

Facemos agora unha análise comparativa das taxas de crecemento dalgunhas variables relacionadas cos resultados que obteñen por termo medio as empresas do sistema productivo da cultura e as empresas galegas en conxunto.

Cómpre destacar que por termo medio as empresas da cultura amosan taxas de crecemento no período 2006-2007 máis altas que as empresas galegas en variables como os ingresos de explotación, valor engadido bruto e resultado neto do exercicio. No caso do resultado neto do exercicio os diferenciais acadan aproximadamente dous puntos porcentuais.


Taxas de variación e comparativa coa empresa galega

Medianas

	Empresa da CULTURA		Empresa Galega	
	2005-2006	2006-2007	2005-2006	2006-2007
Ingresos de explotación	5,33%	7,06%	6,31%	5,71%
Valor engadido bruto (cf)	7,23%	7,31%	7,06%	6,81%
Resultado económico neto explotación	3,41%	11,10%	7,58%	11,89%
Resultado neto do exercicio	2,32%	15,82%	5,88%	13,81%

Taxas de variación e comparativa coa empresa galega, ano 2007


Medianas



Os datos da empresa galega corresponden a unha mostra de 19.455 empresas

Peso sobre os ingresos de explotación

A continuación analizamos o peso específico das variables resultado de explotación, gastos de persoal e valor engadido bruto sobre os ingresos de explotación.




Apréciase unha baixada no peso dos gastos de persoal sobre os ingresos no ano 2007 respecto ao ano 2006, que pasan de ocupar un 25,44% a un 24,28%. No caso do resultado de explotación sobre a porcentaxe, dun 2,35% a un 2,88% dos ingresos de explotación do exercicio. A relación do valor engadido bruto sobre os ingresos baixa dun 34,07% no ano 2006 a un 33,61% no ano 2007.


2.2.2. Evolución do investimento e o financiamento

O balance agregado das 725 empresas da mostra do sistema produtivo da cultura en Galicia dá os seguintes resultados:

Investimento, 2005-2007							
725 empresas do sector produtivo da cultura en Galicia							
millóns de euros	2005	%	2006	%	2007	%	Taxas de variación
							2005-2006 2006-2007
Investimento total	938,96	100%	1.044,30	100%	1.105,41	100%	11,22% 5,85%
Investimento en fixo (neto)	343,56	36,59%	382,00	36,58%	409,53	37,05%	11,19% 7,21%
Gastos amortizables	6,93	0,74%	6,37	0,61%	5,09	0,46%	-8,02% -20,09%
Inmovilizado inmaterial	68,72	7,32%	70,33	6,73%	75,90	6,87%	2,34% 7,93%
Inmovilizado material	213,85	22,78%	235,74	22,57%	254,36	23,01%	10,23% 7,90%
Outro inmovilizado	52,95	5,64%	68,51	6,56%	73,13	6,62%	29,38% 6,74%
Outro activo fixo	1,11	0,12%	1,05	0,10%	1,04	0,09%	-5,50% -0,57%
Investimento en circulante (neto)	595,40	63,41%	662,30	63,42%	695,88	62,95%	11,24% 5,07%
Existencias	151,15	16,10%	179,31	17,17%	190,48	17,23%	18,63% 6,23%
Debedores	366,47	39,03%	401,41	38,44%	419,85	37,98%	9,53% 4,59%
Tesourería	57,61	6,13%	59,04	5,65%	56,41	5,10%	2,49% -4,45%
Outro activo circulante	20,17	2,15%	22,54	2,16%	29,15	2,64%	11,72% 29,34%

(%) valores calculados sobre o total do investimento





Feitos e elementos máis relevantes en investimento e financiamento para a mostra agregada

Investimento en fixo

Rexístrase un crecemento para os anos analizados, aínda que se percibe unha desaceleración; pasa a taxa de variación dun 11,19% no período 2005-2006 a un 7,21% no 2007. Cómpre destacar o bo comportamento do inmaterial, ligado aos activos intanxibles da empresa e en último termo ás vantaxes competitivas, que crece primeiro un 2,34% e un 7,93% no ano 2007.

O inmaterial reduce sensiblemente o seu crecemento, pasa dun 10,23% no período 2005-2006 ao 7,90% de taxa de variación no ano 2007.

Investimento en circulante

O investimento en circulante manifesta un comportamento similar ao fixo, redúcese sensiblemente a taxa de crecemento, que no ano 2007 acada o 5,07%.

As existencias, que no ano 2006 creceran un 18,63%, pasan no ano 2007 a alcanzar unha taxa de crecemento do 6,23%.

Os debedores aumentan no período 2006-2007 un 4,59%.

A tesourería acada en 2007 un crecemento negativo do 4,45%.

Financiamento permanente

O período vén marcado por unha importante desaceleración no crecemento do financiamento permanente. Os fondos propios medraron un 15,54% durante o ano 2006, porén en 2007 a taxa de variación foi do 11,99%. Máis acusada foi a situación do financiamento alleo a longo prazo, que pasa de crecer un 17,84% no período 2005-2006 a un 3,77% en 2007.

Financiamento alleo a curto prazo

Moderada desaceleración do financiamento alleo a curto prazo, que rexistra taxas de crecemento dun 6,73% para o ano 2006 e dun 3,25% para o ano 2007.

Fondo de rotación


O fondo de rotación, que experimenta un notable incremento no ano 2006 (35,22%), sofre no seguinte período unha forte caída na taxa de variación e pasa a un 12,74%.

2.2.3. Evolución da rendibilidade e magnitudes asociadas

a) Rendibilidade económica

A rendibilidade económica ou do investimento é unha medida da capacidade dos activos das empresas para xerar valor, con independencia de como foron financiados, polo tanto é un bo indicador da eficiencia na xestión empresarial.

Analizamos a evolución da rendibilidade económica para a mostra das 725 empresas da cultura de Galicia. Os valores amosados corresponden ás medianas para a rendibilidade económica, a marxe de explotación, rotación de activos e rotación de existencias.




Entres os aspectos máis relevantes relativos á rendibilidade económica destaca a constante melloría dos valores nos tres anos obxecto de estudo. No ano 2006 prodúcese un aumento na rendibilidade de 0,25 puntos porcentuais; no caso do ano 2007 a variación supuxo unha mellora de 0,7 puntos porcentuais.

A variación do 2005-2006 susténtase principalmente por unha melloría na rotación dos activos, no caso do 2006-2007 existe unha subida da marxe que propiciou un incremento na rendibilidade xa que a rotación dos activos mantívose constante no período.

Comparativa coa empresa media galega

Se analizamos o comportamento das medianas da rendibilidade, da marxe e da rotación de activos para a mostra de empresas de Galicia e se as comparamos cos resultados obtidos para a mostra de empresas da cultura pódese deducir que presentan, en xeral, peores parámetros que a empresa media galega.


Con todo dedúcese, a través do cadro evolutivo amosado na seguinte páxina, que as empresas da cultura achegan posicións ás da empresa media galega, sobre todo no último ano, en que se produce unha mellora na marxe de explotación, que chega practicamente a igualarse, e na rotación de activos, que en Galicia baixa e nas empresas da cultura mantense constante.



b) Rendibilidade financeira

A rendibilidade financeira ou dos fondos propios é unha medida do rendemento obtido polos capitais propios, é, polo tanto, un concepto de rendibilidade final que está determinada tanto polos factores incluídos na rendibilidade económica como pola estrutura financeira.

Ademais dos resultados para a rendibilidade financeira analizaremos o custo neto da débeda e o coeficiente de endebedamento.




No ano 2005 a rendibilidade financeira das empresas da cultura acadou un 6,92%, en 2006 rexístrase unha lixeira baixada ata o 6,83% para subir outra vez ata o 7,71% no ano 2007.

Respecto ao custo neto da débeda, preséntase unha subida paulatina ao longo do período, pasa dun 1,47% en 2005 a un 1,59% en 2006 e un 1,87 en 2007.

O coeficiente de endebedamento das empresas baixa e rexistra uns valores de 2,35 en 2005, 2,29 en 2006 e 2,20 en 2007.

En 2007 obsérvase un apancamento positivo ou amplificador (e superior ao de 2006), é dicir, o efecto panca que as débedas exercen sobre a rendibilidade financeira é positivo.


Comparativa coa empresa media galega



Por termo medio (utilizando a mediana da mostra) a empresa media galega obtén unha rendibilidade financeira superior á empresa da cultura, dándose uns diferenciais de arredor de 2 puntos porcentuais. Porén, as posicións achéganse no ano 2007, o mesmo que sucede coa rendibilidade económica.

b) Evolución da rendibilidade


No seguinte gráfico reflectimos para o período de tempo comprendido entre 2001 e 2007 os valores da rendibilidade económica e financeira. Pódese apreciar unha mellora progresiva de 2001 a 2003-2004, un empeoramento substancial no ano 2005, e dende o ano 2006 unha mellora progresiva dos rateos.



2.3. Análise do emprego

2.3.1. Estrutura do emprego

Na seguinte táboa reflíctese a distribución do emprego por número de empresas e empregados¹³.




¹³ Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados daquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos aos que se refire o estudo, ofrecían certo grao de coherencia (é dicir, na relación Gastos de persoal/Nº. empregados rexéitanse aqueles valores que non resulten fiables). A mostra final, despois da depuración, consta de 606 empresas para o período de análise (incluída a Televisión de Galicia).

No ano 2007 o grupo máis numeroso de empresas segundo o seu rango de empregados corresponde ás que teñen de 3 a 5 empregados (27,89%), as empresas con 1 ou 2 empregados supoñen o 23,10% da mostra, o 20,13% das empresas pertencen a un rango de 6 a 9, o 15,84% teñen de 10 a 19 e o 13,04% contan con máis de 20 empregados.


Atendendo á distribución dos empregos segundo o rango de empregados das empresas, tamén no ano 2007 pode observarse que o 64,72% dos empregos da mostra pertence a empresas con máis de 20 empregados. As empresas de 1 a 2 e de 3 a 5 empregados xeran soamente o 2,74% e o 7,39% do emprego, respectivamente.

O emprego medio, calculado como a relación entre o número de empregados totais e o número de empresas que presentan este dato, experimentou un crecemento progresivo no período de análise, que abrangue de 2005 a 2007, sendo no ano 2007 de 14,07 empregados por termo medio.



2.3.2. Produtividade do emprego

Analizamos deseguido algunhas variables relacionadas coa produtividade do emprego. Os datos corresponden co valor central da mostra de 606 empresas da cultura en Galicia.



Os ingresos de explotación por empregado creceron no período 2006-2007 un 5,59%, a un ritmo superior ao do período anterior, que foi do 4,71%.

O valor engadido bruto por empregado tamén reflicte taxas de crecemento positivas nos dous períodos analizados, aínda que se percibe certa desaceleración no crecemento que pasa dun 6,83% a un 5,08%.

No caso do custo medio do emprego, a taxa de variación para o ano 2006 foi de 6,26% e de 3,75% para 2007.

Comparativa coa empresa media galega



O crecemento dos ingresos de explotación por empregado en 2007 para a media das empresas galegas está lixeiramente por debaixo do valor para as empresas da cultura. No caso do valor engadido bruto é na mostra da cultura onde as posicións son relativamente máis baixas na taxa de variación. O crecemento do custo medio do emprego presenta un diferencial de case un punto por debaixo nas empresas da cultura respecto á empresa galega.


2.3.3. A xeración de emprego nas empresas

Neste apartado analizamos como crece o emprego nas empresas da cultura en Galicia, e nun maior detalle nos sectores que conforman o sistema productivo da cultura en Galicia.




Nas mostra de empresas analizada prodúcese un aumento do 7,74% nos postos de traballo xerados. Este crecemento supón un 5,32% no período 2005-2006 e un 2,30% no 2006-2007.

Segundo a mostra de empresas analizadas de Galicia, o peso do sistema produtivo da cultura supuxo un 2,50% dos postos de traballo no ano 2005, un 2,51% no ano 2006 e un 2,47% no ano 2007.



O emprego xerado polas empresas da mostra da cultura distribúese entre os seus sectores do seguinte xeito: 48,66% na produción de bens e servizos culturais, 23,98% na fabricación de bens culturais, o 16,57% corresponde ás actividades auxiliares da cultura, o 9,85% para a distribución e difusión de bens e servizos culturais e o 0,95% para a creación artística e cultural.

No seguinte gráfico analízase o crecemento dos sectores para o ano 2007.



Os sectores que presentan maiores taxas de crecemento do emprego no ano 2007 son a produción de bens e servizos culturais (14,08%) e a fabricación de bens culturais (4,90%).